1. O procedemento para a concesión de subvencións iniciarase de oficio, mediante convocatoria pública aprobada polo órgano competente e de conformidade coas bases reguladoras, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas de acordo cos principios da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e terá necesariamente o seguinte contido:

a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que este publicada, salvo que en atención a súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.

b) Créditos orzamentarios aos que se imputan a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles o, no seu defecto, contía estimada das subvencións.

c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.

d) Expresión de que a concesión se efectúa en réxime de concorrencia competitiva.

e) Requisitos para solicita-la subvención e forma de acreditalos.

f) Indicación dos órganos competentes para a instrucción e resolución do procedemento.

g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que lle serán de aplicación as previsións contidas no apartado 4 deste artigo.

h) Prazo de resolución e notificación.

i) Documentos e informacións que deben acompañarse a petición.

j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes.

k) Indicación de se a solicitude pon fin a vía administrativa e, no caso contrario, órgano ante o que poderá interporse recurso de reposición.

l) Criterios de valoración das solicitudes.

m) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2. As solicitudes dos interesados irán acompañadas dos documentos e informacións que se determinen na norma ou convocatoria, salvo aqueles documentos que xa estiveran en poder de calquera órgano da Administración actuante, en cuxo caso o solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sempre que se faga constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados ou, no seu caso, emitidos, e cando non houbera transcorrido mais de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan.

3. A normativa reguladora da subvención poderá admiti-la substitución da presentación de determinados documentos por unha declaración responsable do solicitante. Neste caso, con anterioridade á proposta de resolución da concesión da subvención deberase requiri-la a presentación da documentación que acredite a realidade dos datos contidos na dictada declaración, nun prazo non superior a 15 días.

4. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que se non o fixera teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser dictada nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 15.- Solicitudes.

As solicitudes dos interesados deberán reunir os requisitos establecidos nas normas de procedemento e na convocatoria, axustándose ó impreso normalizado ó efecto.

A solicitude acompañarase a documentación que se indique na convocatoria

Artigo 16. Instrucción.

1. A instrucción do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle o órgano que se designe na convocatoria que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2. As actividades de instrucción comprenderán:

a) Petición dos informes que se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan as subvencións. Na petición farase constar, no seu caso, o caracter determinante daqueles informes que sexan preceptivos. O prazo para súa emisión será de 10 días salvo que o órgano instructor, tendo en conta as características do informe ou do procedemento, solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que neste último caso poda exceder de dous meses.

b) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecido na norma reguladora da subvención o uno seu caso na convocatoria.

3. Unha vez avaliadas as solicitadas polo órgano colexiado ao que se refire o artigo 15 emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

4. O órgano instructor a vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse ós interesados na forma que se estableza na convocatoria, concedéndolle un prazo de 10 días para presentar alegacións.

Poderá prescindirse do trámite de audiencia cando non figure no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos, alegacións e probas que as aducidas polo interesado. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

5. Examinadas as alegacións presentadas polos interesadas, formularáse polo órgano instructor proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios de valoración seguidos para realizala. No expediente de concesión de subvención conterá informe do órgano instructor

6. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito a favor do beneficiario proposto fronte á Administración, mentres non se realice a notificación da resolución da concesión.

Artigo 17.- Comisión de Valoración.

A proposta de concesión de subvención realizarase ao instructor pola Comisión de Valoración que terá a composición e funcións que se determinen nas bases específicas da convocatoria, segundo o tipo de subvención.

Artigo18.- Resolución.

1. O órgano competente a vista da proposta de resolución definitiva resolverá o procedemento motivadamente de acordo co disposto nas bases reguladora da subvención, debendo quedar acreditado no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte.

Na resolución farase constar ademais do solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención a desestimación das solicitudes que non acaden subvención.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses. O prazo computaráse a partir da publicación da convocatoria , agás que na mesma se pospoñan os seus efectos para unha data posterior.

O vencemento do prazo máximo sen haberse notificado a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

## CAPITULO II

## PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

Artigo 19 .- Procedemento de concesión directa.

1. Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos orzamentos do Concello ou dos organismos autónomos.

b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal.

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

2. A resolución da concesión e, no seu caso, os convenios a través dos que se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables.

3. A resolución de concesión directa conterá como mínimo os seguintes extremos:

a) Definición do obxecto da subvención, con indicación do carácter singular da mesma e as razóns que acreditan o interese público, social, económico, humanitario e razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos.

b) Réxime xurídico aplicable.

c) Beneficiarios e modalidades de axuda.

d) Procedemento de concesión e réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios.

4. Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos do Concello.

## CAPITULO III

## XESTIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 20.- Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios.

1. O beneficiario de subvención por actividades poderá subcontratar a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención, nos termos establecidos no artigo 29 da L.X.S.

Artigo 21.- Xustificación das subvencións públicas.

1. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación de conta xustificativa do gasto realizado.

2. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario que deberá comprender:

a) Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo.

b) Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable)

c) Os xustificantes do gasto subvencionado.

d) Relación desagregada de tódolos ingresos que financian a actividade -fondos propios, subvención concedida e outras subvencións- debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.

e) Calquera outra documentación que en orde á xustificación do gasto lle sexa requirida polo órgano xestor encargado de velar pola xustificación da subvención concedida.

O prazo para a rendición da conta xustificativa establecerase nas diferentes bases reguladoras sen que poida, en ningún caso, exceder de tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade.

4. Os gastos xustificaranse mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D 2.402/85, ademais de estar datadas no período subvencionable e conte-lo selo de pagado ou presentar xustificación documental que acredite o pago.

En ningún caso se lles recoñecerá valor probatorio aos simples "recibís".

5. No suposto de adquisición de bens inmobles deberase aportar ademais certificado de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no corresponde rexistro oficial.

6. Tratándose de execución de obras será necesaria a presentación de certificación de obra e factura que deben reunir os requisitos legalmente esixibles para a súa expedición.

7. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos sinalados ou a xustificación insuficiente levará consigo o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da L.X.S.

Artigo 22.- Gastos subvencionables.

1. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, e que se realicen no prazo establecido como período subvencionable nas diferentes bases reguladoras das subvencións.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencinables poderá ser superior o valor de mercado.

2. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención, salvo que nesta se estableza disposición expresa en contrario que permita a xustificación documental do pago no prazo de dez días desde o abono da subvención pola Tesourería municipal.

3. Os gastos financeiros, o gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e de rexistro e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma, e sempre que así se estableza nas bases reguladoras. Excepcionalmente os gastos de garantía bancaria poderán ser subvencionados cando así o prevea a normativa reguladora da subvención.

4. En ningún caso serán gastos subvencionables:

a) Os intereses debedores das contas bancarias.

b) Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.

c) Os gastos de procedementos xudiciais.

5. Os tributos son un gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente.

En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda nin os tributos satisfeitos ó Concello de Monforte de Lemos.

Artigo 23.- Comprobación das subvencións.

O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou disfrute da subvención.

## CAPITULO IV

## PROCEDEMENTO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA

Artigo 24.- Procedemento de aprobación do gasto e do pago.

1. Con carácter previo a convocatoria da subvención ou a concesión directa da mesma, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos no Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e nas Bases de execución do orzamento. Conxuntamente coa aprobación da convocatoria será aprobado o gasto polo órgano competente.

A resolución de concesión da subvención conlevará o compromiso do gasto correspondente.

2. O pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

3. Produciráse a perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.

4. Cando a natureza da subvención o xustifique, poderán realizarse pagos a conta. Ditos abonos a conta poderán supoñer a realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, abonándose por contía equivalente á xustificación presentada.

Tamén poderán realizarse pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes à subvención.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios que se atopen nas situación sinaladas no artigo 34.4 da LXS.

A realización de pagos a conta ou pagos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.

5. Non poderá realizarse o pago da subvención mentres o beneficiario non se atope o corrente no cumprimento da súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social ou sexa deudor por resolución de procedencia de reintegro.

TITULO II

DO REINTEGRO E DO CONTROL FINANCIERO DAS SUBVENCIÓNS

Artigo 25.- Do reintegro das subvencións.

Nesta materia estarase o disposto no Título II da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións así como nas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 26.- Do control financieiro das subvencións.

O control financieiro sobre toda clase de subvencións outorgadas pola Corporación Local e os seus organismos públicos corresponderá aos órganos ou funcionarios que teñen atribuído o control financeiro da xestión económica de ditas Corporacións de acordo co establecido nos artigos 213 e seguintes do R.D Lexislativo 2/2004, de 5 de maio, polo que se aproba Texto Refundido da Lei de Facendas Locais EELL.

Será de aplicación, en todo caso, ao control financeiro das subvención do Concello o establecido no Título III da LXS sobre o obxecto de control financeiro, a obriga de colaboración dos beneficiarios, as entidades colaboradoras e os terceiros relacionaos co obxecto da subvención ou xustificación, así como as facultades e os deberes do persoal controlador.

TITULO III

INFRACCIONS E SANCIONS ADMINISTRATIVAS EN MATERIA DE SUBVENCIÓNS

Artigo 27.- Infraccións, sancións e procedemento sancionador.

Nesta materia estarase o disposto no Título IV e disposición de desenvolvemento da L.X.S .

A competencia para impoñer sancións en materia de subvencións lle corresponde ao Alcalde de acordo co establecido no artigo 21 n) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non establecido/previsto na presente ordenanza rexerá o disposto na Lei 3/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións e as normas que se dicten en desenvolvemento da mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, que consta de 27 artigos, unha disposición adicional e unha disposición final entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo sinalado no artigo 65.2 en relación co artigo 70.2 ,ambos da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O acordo de aprobación definitivo agota a vía administrativa e contra a Ordenanza Xeral de Subvencións, aprobada definitivamente, poderase interpor directamente por quen se considere lexitimado recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da publicación do texto íntegro da ordenanza, de acordo co disposto no artigo 10.1 b) da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Monforte de Lemos, a 30 de xuño de 2006.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz.

R. 03270

PALAS DE REI

*Edicto*

Solicitando desta Alcaldía S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, licencia municipal para a apertura de "CONSTRUCCION DE MURO DE CONTENCION E INSTALACION DE TANQUE DE GAS", a situar en OS CHACOTES-PALAS DE REI do termo municipal de PALAS DE REI, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Palas de Rei, a 22 de xuño de 2006.- O ALCALDE, ilexible.

R. 03326

A PONTENOVA

*ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ORZAMENTOS XERAIS 2006*

Definitivamente aprobados os presupostos para o exercicio 2006 polo Pleno deste Concello, mediante acordo acadado na sesión ordinaria de data 30 de maio de 2006 ao non se presentaren reclamacións no prazo de exposición ao publico, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que o devandito Presuposto ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de DOUS MILLÓNS SEISCENTOS SETE MIL NOVECENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (2.607.962,38 euros) correspondendo a cada capítulo as cantidades que se relacionan segundo o seguinte detalle:

RESUME POR CAPÍTULOS

INGRESOS

| Capítulos Denominación | Euros |
|---|---|
| A) OPERACIONS CORRENTES | |
| 1.- Impostos directos | 377.794,95 |
| 2.- Impostos indirectos | 80.000,00 |
| 3.- Taxas e outros ingresos | 283.044,59 |
| 4.- Transferencias correntes | 958.437,29 |
| 5.- Ingresos patrimoniais | 4.155,35 |
| B) OPERACIONS DE CAPITAL | |
| 6.- Alleamento de inversións reais | 131.854,24 |
| 7.- Transferencias de capital | 350.680,91 |
| 8.- Activos financeiros | 330.995,05 |
| 9.- Pasivos financeiros | 91.000,00 |
| TOTAL INGRESOS | 2.607.962,38 |

GASTOS

| Capítulos Denominación | Euros |
|---|---|
| A) OPERACIONS CORRENTES | |
| 1.- Gastos de persoal | 765.315,90 |
| 2.- Gastos en bens correntes e de servicios | 413.703,06 |
| 3.- Gastos financeiros | 10.884,16 |
| 4.- Transferencias correntes | 62.135,16 |
| B) OPERACIONS DE CAPITAL. | |
| 6.- Inversións reais | 1.231.938.93 |
| 7.- Transferencias de capital | 64.614,70 |
| 8.- Activos financeiros | 0 |
| 9.- Pasivos financeiros | 59.370,47 |
| TOTAL GASTOS | 2.607.962,38 |

Na referida sesión, acordouse aproba-lo cadro de postos de traballo deste Concello que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, se reproducen a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA.

| DENOMINACIÓN | Nº. PRAZAS | GRUPO | NIVEL C.D. | C. ESPECÍFICO |
|---|---|---|---|---|
| SECRETARIO-INTERVENTOR - HAB. NACIONAL | 1 | A/B | 26 | 22.314,62 euros |
| TÉCNICO ÁREA ECONÓMICA - ADMÓN. ESP. | 1 | B | 22 | 3.064,77 euros |
| ARQUITECTO TÉCNICO - TÉCNICO ADMÓN. ESP. | 1 | B | 22 | 1.269,18 euros |
| ADMINISTRATIVO - ADMÓN. XERAL | 1 | C | 20 | 3.064,77 euros |
| POLICÍA LOCAL /extinguir - AD. ESPECIAL | 1 | D | 16 | 330,71 euros |

TOTAL FUNCIONARIOS DE CARREIRA CINCO (5).

B) PERSOAL LABORAL FIXO.

| DENOMINACION | Nº PRAZAS | CUSTO ANUAL euros |
|---|---|---|
| A) ADMINISTRACIÓN XERAL | | |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO | 1 | 20.602,94 |
| B) URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS E VIVENDA | | |
| a) SERVICIOS MÚLTIPLES | | |
| CHOFER - CONDUCTOR - OF. 1ª - MECÁNICO | 1 | 25.540,95 |

| | | |
|---|---|---|
| CHOFER - CONDUCTOR - OF. 1 | 1 | 20.822,40 |
| OPERARIO SERVICIOS MÚLTIPLES | 2 | 28.516,22 |
| b) SERVICIO URBANISMO | | |
| ARQUITECTO TÉCNICO TEMPO PARCIAL (6 meses) | 1 | 12.881,80 |
| C) RECOLLIDA DE LIXO | | |
| a) SERVIZO RECOLLIDA DE LIXO | | |
| CHOFER - CONDUCTOR - OF. 1ª - OPERARIO | 1 | 14.503,42 |
| D) SERVIZOS SOCIAIS | | |
| a) TRABALLADOR SOCIAL | | |
| TRABALLADORA SOCIAL | 1 | 23.036,31 |
| b) AXUDA NO FOGAR | | |
| AUXILIAR AXUDA NO FOGAR XORNADA COMPLETA | 1 | 12.962,02 |
| AUX. AXUDA FOGAR TEMPO PARCIAL | 2 | 14.266,76 |
| E) SERVIZO EMPREGO E RISCOS LABORAIS | | |
| TÉC. LOCAL EMPREGO -PREV. RISCOS LABORAIS | 1 | 24.061,27 |
| F) CULTURA - INF. XUVENIL - INF. XERAL | | |
| AUXILIAR BIBLIOTECA -I. XUVENIL E XERAL | 1 | 13.855,99 |
| ORDENANZA VIXILANTE CONSERXE | 1 | 12.407,27 |

TOTAL PERS. LABORAL FIXO CATORCE (14).

C) PERSONAL LABORAL DE DURACION DETERMINADA.

| DENOMINACION | Nº PRAZAS | CUSTO ANUAL euros |
|---|---|---|
| A) PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE CIDADÁ | | |
| a) GRUPO INTERVENCIÓN RÁPIDA ESTABLE | | |
| OPERARIO SERVICIOS INTERVENCIÓN RÁPIDA | 3 | 44.220,42 |
| b) GRUPO INTERVENCIÓN RÁPIDA GRUMIR | | |
| XEFES EQUIPO - CHOFER (GRUMIR) 12 MESES | 3 | 49.115,94 |
| OPERARIOS - PEÓNS (GRUMIR) 12 MESES | 9 | 135.622,38 |
| B) SERVICIO EDAR - ETAP E VARIOS | | |
| AXUDANTE MECÁNICO EDAR E SERV. VARIOS | 1 | 14.665,85 |
| OPERARIO SERVIZOS VARIOS | 1 | 13.917,65 |
| C) DEPORTES | | |
| MONITOR DEPORTIVO.-SOCORRISTA ACUÁTICO | | |
| (1/2 XORNADA) | 1 | 10.589,40 |
| SOCORRISTA ACUÁTICO (3 MESES VERÁN) | 1 | 3.921,85 |
| D) VIAS ESTRADAS RURAL | | |
| CHÓFER - DESBROZADORA (11 MESES) | 1 | 13.714,43 |
| E) SERVIZO ESCOLA MÚSICA | | |
| DIRECTOR - PROFESOR DE ACORDEÓN Vacante (4 meses) | 1 | 8.632,44 |
| PROFESOR DE PIANO Vacante (4 meses) | 1 | 7.475,80 |
| PROFESOR DE CORO, GUITARRA, MÚSICA E MOV. | | |
| Vacante (4 meses) | 1 | 6.679,28 |

TOTAL PERS. LAB. DURACION DET. VINTETRÉS (23).

D) FUNCIONARIOS DE EMPREGO EVENTUAL.

NEGATIVO.

A Pontenova, a 30 de xuño de 2006.- O Alcalde, ENRIQUE FERNÁNDEZ GONZÁLEZ.

R. 03319

RIBAS DO SIL

*Anuncio*

O Pleno do Concello de Ribas do Sil, en sesión ordinaria celebrada o vintenove de xuño do 2006, acordou recoñece-la dedicación parcial do concelleiro de Medio Rural e Medio Ambiente, don Luis Rodríguez Macía, durante o tempo que dure a campaña de loita contra incendios forestais e que abranguerá dende o 1 de xullo ata o 31 de outubro do 2006.

Ribas do Sil, trinta de xuño de dous mil seis.- O Alcalde-Presidente, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 03284

*Edicto*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Ribas do Sil o orzamento xeral para o exercicio 2006, a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo para dito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do R.D. Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e disposicións concordantes, exponse ó público na Secretaría do Concello polo prazo de quince días hábiles -que empezarán a contar dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, a fin de que durante o mesmo se poidan formular as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Ribas do Sil, trinta de xuño do dous mil seis.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 03285

SARRIA

*Edicto*

Intentado, en reiteradas veces, a notificación a Dna. EMILIA DÍAZ DÍAZ en Remedios - San Salvador de Cesar, nº 13, e non poderse levar a cabo.

A continuación procedese a transcribir o contido da notificación ós efectos sinalados no art. 59.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réximen Xuridico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común:

*CÉDULA DE NOTIFICACIÓN*

Solicitándose desta Alcaldía por D. FRANCISCO JAVIER LÓPEZ VALIÑA, licencia municipal para a instalación de AMPLIACIÓN CEBADERO PORCINO, en San Fiz de Reimondez, deste Concello de Sarria, en cumprimento do disposto polo apartado a), do núm. 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de DEZ días hábiles a contar dende o recibo da presente notificación, para que as persoas que se consideren afectadas dalgún xeito pola actividade que se pretende establecer, poidan formular as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

O expediente pode consultarse, durante as horas de oficina, na Secretaría deste Concello, onde se atopa de manifesto.

O que se comunica a Vd. como veciño/a inmediato ó lugar onde se pretende empraza-la mencionada actividade.

Sarria, a 29 de xuño de 2006.- O Alcalde, José Antonio García López.

R. 03323

VILALBA

*Edicto*

Solicitando desta Alcaldía por don ANGEL RIO GRAÑA, licencia municipal para a apertura dun TANATORIO y CAFÉ BAR, a situar en Vilalba, Polígono Industrial, P-22 y P-23; cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia- poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Vilalba, a 4 de julio de 2006.- O ALCALDE, ilexible.

R. 03325

## Administración de Justicia

### Juzgado de lo Social núm. 3 de Lugo

Proc. 119/06

*Edicto*

DOÑA EMETERIA QUIÑONES CAMPO, SECRETARIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NUM. 3 DE LOS DE LUGO.

CERTIFICO Y HAGO SABER:

Que en los autos número 119/06, seguidos ante el Juzgado de lo Social número tres de Lugo, a instancia de LORENA MARÍA MADARRO GARCÍA, contra ÁNGEL VÁZQUEZ CARBALLEIRA (CAFÉ BAR ANTOXO), sobre RECLAMACIÓN DE CANTIDAD, con fecha 12.06.06, se ha dictado SENTENCIA, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente: "FALLO.- Que estimando la demanda interpuesta por DOÑA LORENA MARÍA MADARRO GARCÍA, condeno a la empresa ÁNGEL VÁZQUEZ CARBALLEIRA (Café Bar Antoxo) a pagar al demandante la cantidad de 3.053,52 euros, más el interés del 10% anual calculado en la forma expuesta en el fundamento de derecho segundo de esta

resolución.- Asimismo condeno a la demandada al pago de una multa por importe de ciento cincuenta euros, así como los honorarios del abogado de la parte demandada.- El Fondo de Garantía Salarial deberá estar y pasar por esta declaración en los términos legalmente previstos.- Incorpórese la presente sentencia al libro correspondiente, expídase testimonio para su unión a los autos, y hágase saber a las partes que contra ella cabe recurso de suplicación ante la Sala de lo Social del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, recurso que habrá de anunciarse ante este Juzgado en el plazo de cinco dias a contar desde el siguiente al de la notificación de esta resolución.- En cuanto a la condenada al pago, para hacer uso de este derecho deberá ingresar las cantidades a que el fallo le condena, acreditando, al anunciar el recurso, mediante exhibición del resguardo acreditativo el haber depositado en el banco Banesto, cuenta corriente 2324, dicha cantidad, siendo también indispensable que al tiempo de interponer el recurso, presente resguardo acreditativo de haber depositado en la misma entidad la cantidad de 150,25 euros, con el apercibimiento de que la no constitución de ambos depósitos acarreará el desistimiento.- Se advierte además a las partes que deberán hacer constar en los escritos de interposición del recurso y de impugnación, en su caso, un domicilio en la sede del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, a efectos de notificaciones, dando cumplimiento a lo dispuesto en el artículo 195 de la Ley de Procedimiento Laboral.- Así por esta mi sentencia, lo pronuncio, mando y firmo.- Don Antonio José Espinosa Merelo.- Rubricado.- PUBLICACIÓN.- Firmada la anterior sentencia por el Ilmo. Sr. Magistrado que la suscribe se hace pública incorporándose al libro de sentencias. Doy fe.- Doña Emeteria Quiñones Campo.- Rubricado”.

CONCUERDA BIEN Y FIELMENTE CON EL ORIGINAL.

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN a la empresa ÁNGEL VÁZQUEZ CARBALLEIRA (CAFÉ BAR ANTOXO), en ignorado paradero, con el apercibimiento del artículo 59 de la Ley de Procedimiento Laboral, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia, en Lugo, a tres de julio de dos mil seis.- LA SECRETARIA JUDICIAL, ilegible.

R. 03310

*Edicto*

*Cédula de notificación*

DOÑA EMETERIA QUIÑONES CAMPO, SECRETARIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO TRES DE LUGO,

Hace saber: Que en la ejecución n° 57/2006, seguida ante el Juzgado de lo Social n° 3 de Lugo, a instancia DON CRISTÓBAL VEGA FERNÁNDEZ, contra EMPRESA "CONTINENTAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L.", sobre DESPIDO, con fecha 27.04.06, se ha dictado auto, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

"DEBO DISPONER Y DISPONGO: Despachar la ejecución solicitada por DON CRISTÓBAL VEGA FERNÁNDEZ contra la empresa "CONTINENTAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L.", por un importe de QUINCE MIL UN euros y DOCE céntimos (15.001,12 euros) de principal, más DOS MIL TRESCIENTOS SESENTA Y DOS euros y SESENTA Y SIETE céntimos (2.362,67 euros) presupuestados prudencialmente y sin perjuicio de posterior liquidación para intereses y costas.

Adviértase y requiérase al ejecutado de las obligaciones y requerimientos que se le efectúan en los razonamientos jurídicos cuarto y quinto de esta resolución, así como de las consecuencias de su incumplimiento, las que se detallan en el razonamiento sexto, y que podrán dar lugar a la imposición de apremios pecuniarios.

REQUIERASE al FONDO DE GARANTIA SALARIAL, para que, en el plazo de quince días, pueda instar las diligencias que a su derecho convenga en relación con posibles bienes de la ejecutada, que tuvo su domicilio en C/ O Río, n° 10, Burela (Lugo), sobre los que trabar embargo.

Notifíquese esta resolución a las partes, haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer recurso alguno, sin perjuicio de la oposición que puede formular el ejecutado en el PLAZO DE DIEZ DÍAS a contar desde la notificación del presente auto, oposición que no suspenderá el curso de este proceso de ejecución (arts. 551, 556 y 559 de la L.E.C.).

Así lo manda y firma S.Sª Ilma., doña Marina Mas Carrillo, Magistrado del Juzgado de lo Social n° 3 de Lugo y su provincia."

Y para que sirva de notificación a la empresa "CONTINENTAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L.", en ignorado paradero, con el apercibimiento del art. 59 de la Ley de Procedimiento Laboral, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia.

Lugo, veintinueve de junio de dos mil seis.- LA SECRETARIA, ilegible.

R. 03313

## MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

**Confederación Hidrográfica del Norte**

Comisaría de Aguas

*Anuncio*

Expediente: A/27/11150.

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte, de fecha 2 de junio de 2006 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios de fuentes Espiñeiro y Regueira, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,19 l/sg. de agua procedente de la fuente Espiñeiro, sita en el Monte Restelo, parroquia Galegos, T.M. de Navia de Suarna (Lugo), para abastecimiento en el lugar de Bullán, pqa. Quintá, T.M. Becerreá (Lugo).

Oviedo, 2 de junio de 2006.- EL COMISARIO DE AGUAS, P.D. EL JEFE DE AREA; (Resolución de 13/12/2004, B.O.E. de 11/01/2005), José Peña Castiñeiras.

R. 03245